



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000016

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día catro de maio de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 235 de data 03 de maio/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández.

Non acude por causas xustificadas, don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS (EXPTE. NÚM. 151/2019); ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13.04.2023.

En Xunta de Goberno Local de data 13.04.2023 acordase a renuncia da licenza urbanística de construción de vivenda unifamiliar do expediente de obras 151/2019.

A Secretaría, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro nunha data e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio, procede á emenda de dito erro, de xeito que no punto 1º do acordo adoptado debe figurar como data do acordo de concesión de licenza o 19 de decembro de 2019 en lugar de 21 de novembro de 2012; sin que o contido do acordo adoptado na sesión do 13 de abril de 2023, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

B.-- LICENZA OBRA MAIOR.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE VALIDACIÓN DE INFORMACIÓN TÉCNICA:

Expte. 295/2021 Tedec 2022/U022/000001

.- Expte. de obras 295/2021. (representado por

Para as obras de construción de vivenda unifamiliar na parcela situada na C/ Alfonso X El Sabio, 6. Parroquia de Valdoviño. Ayuntamiento de Valdoviño, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Carlos Graña Ramos.

Concédese a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.05.2022 condicionado o inicio das obras á aportación da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo devandito colexio.

En data 15.12.2023 co núm. de rexistro de entrada 202299900001893, 1896, 1597, 1898, 1899 y 1984 apórtase ao expediente proxecto de execución redactado polo arquitecto Carlos Graña Ramos visado o 23/08/2022.

O proxecto de execución achegado non presenta diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras en canto aos parámetros urbanísticos, a única variación refírese ao cambio na distribución do mobiliario da cociña. Estas variacións non supoñen un cambio nas condicións de habitabilidade ou de seguridade contra incendios da vivenda.

En data 21/12/2022 e rexistro xeral de entrada n.º 202299900001931, achégase ao expediente nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Luís Enríquez Pazos, visados polo correspondente colexio profesional o 19/12/2022.

En data 05/04/2023 e rexistro xeral de entrada n.º 202399900000570, achégase ao expediente plano UO06 (peche de muro) visado o 31/03/2023.

Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, e as condicións urbanísticas non variaron, segundo o informe do arquitecto municipal de data 27 de ABRIL de 2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 15.12.2023 co núm. de rexistro de entrada 202299900001893, 1896, 1597, 1898, 1899 y 1984, a presentada o 21.12.2022 co rexistro de entrada 202299900001931, e asemade a rexistrada o 05.04.2023 con nº de rexistro de entrada 202399900000570; podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 295/2021.

Segundo.- Considerando que o orzamento de execución material de referencia (PEMR) reflexado no proxecto de execución e o orzamento de execución material da obra (PEM) non varía, non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 26.05.2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

C.- LICENZA OBRA MAIOR.-

- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

“Expte: 163/2022. Tedec: 2022/U022/000018

.- Expte. de obras 163/2022.- (representado por)).- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada situada no Lugar Riaña, 49. Parroquia de Meirás. Ayuntamiento de Valdoviño (referencia catastral n.º 15088A502021420000GG).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada redactado polo arquitecto Manuel Porto Vila
- Documentación complementaria (memoria descriptiva, memoria urbanística, planos 01Mod/16, 02Mod/16, 03Mod/16, 04Mod/16, 05/16, 06Mod/16, 07Mod/16, 09mod/16, 08aMod/16, 08bMod/16) aportado el 12/12/2022, redactados polo mesmo arquitecto.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Manuel Porto Vila, achegado o 30/08/22 e Oficio de Dirección de Execución da obra e Coordinador de Seguridade e Saúde de arquitecto técnico a nome de achegado 30/08/2022.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e

calificado, como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 27/04/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 02/05/2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] (representado por [REDACTED]) a licenza municipal de obras construción de vivenda unifamiliar aillada situada no Lugar Riaña, 49. Parroquia de Meirás. Ayuntamiento de Valdoviño (referencia catastral n.º 15088A502021420000GG).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto [REDACTED] e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 10 de abril de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 625 €. ICIO.- 2.875 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/13.-

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación 13 de 2023, do informe de intervención desfavorable nº 15/2022 (EMP 48/2023) con reparo suspensivo, levantado pola alcaldía mediante decreto 229/2023 e posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

- PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/13.

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/13 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 11 facturas ascende á cantidade de CENTO VINTE E UN MIL OITOCENTOS CINCO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (121.805,78 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/13 por importe bruto de 121.805,78 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

FÓRA DA ORDE DO DIA.-

O sr. alcalde anuncia a presentación do seguinte asunto por vía de urxenza, motivado en que se fai preciso resolver a solicitude de prórroga do servizo que se indica e Visto o prazo do contrato próximo a vencer.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, ratifica a urxenza; en consecuencia, queda incluído fóra da Orde do Día o asunto, co seguinte contido:

.-PRÓRROGA DE CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Expte: 2021/C004/000006

Antecedentes de Feito:

Visto expediente 2021/C004/000006 polo que se saca a licitación a contratación de servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño, cos seguintes antecedentes:

- Aprobación do expediente de contratación e do gasto pola Xunta de Goberno Local o 8 de outubro de 2021.
- Anuncio de licitación publicado o 24 de novembro de 2021.
- Apertura de sobre A- Documentación administrativa o 13 de xaneiro de 2022.

- Apertura de sobre B -Apertura e valoración dos criterios evaluables automáticamente o 8 de febreiro de 2022.
- Proposta de adxudicación da mesa de contratación en favor da empresa máis vantaxosa economicamente: LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159, do 17 de febreiro de 2022.
- Notificación de requerimento de documentación á empresa máis vantaxosa economicamente o 18 de febreiro de 2022.
- Adxudicación do contrato do servizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño a LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159 o 5 de maio de 2022
- Notificación de adxudicación do contrato de servizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño a LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159 9 de maio de 2022.

Vista formalización do contrato de servizos “LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO” por prazo dun ano (prorrogable por outro ano) e acta de inicio da prestación asinados o 13 de maio de 2023.

Vista solicitude presentada o 28 de marzo de 2023 por Dionisio Pérez Castro en representación de LIMPERGAL S.L. con número de rexistro de entrada 202399900000520, no que expoñen que á vista do próximo vencemento do contrato e da cláusula 5ª que contempla a posibilidade de prórroga, solicitan sexa concedida.

Visto informe suscrito o 20 de abril de 2023 polo responsable do contrato, o Concelleiro de Obras e Servizos, Benito Vega Fernández, no que expón que considera conveniente acordar a prórroga do servizo que se prevé no prego de cláusulas administrativas.

Visto informe xurídico de lexislación e procedemento aplicable suscrito pola Secretaria de data 27 de abril.

Visto informe de fiscalización asinado pola Intervención de data 03 de maio de 2023. Consta no expediente documento contable de retención de crédito.

Consideracións legais aplicables:

- Artigo 29, 35 e disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato e cláusula 2ª do contrato de prestación do servizo.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón á **Xunta de Goberno Local** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Que se prorrogue o contrato do sevizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño por prazo DUN ANO.

A prorroga do contrato levarase a cabo sen modificación algunha nin variación do prezo no contrato.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondiente á prórroga antedita.

Terceiro .- Notifíquese o presente acordo ao adxudicatario do contrato.

Cuarto.- Dese traslado do presente acordo á Secretaría e aos Servizo da área económica para os efectos oportunos.

Non entanto a Xunta de Goberno acordará o que estime máis oportuno.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/